

BOLETÍN SINDICAL AGPTU

Informamos deseguido das novas mais salientables dende o último boletín remitido.

Reunión extraordinaria da Mesa de Negociación. Paga extraordinaria

O 10 de setembro celebrouse unha reunión extraordinaria da Mesa de Negociación cun único punto na orde do día relativo ao aboamento a conta da parte da paga extraordinaria devengada entre o 1 de xuño de 2012 e o 14 de xullo do mesmo ano e que foron reducidas ao persoal da Universidade de Vigo en aplicación do R.D. 20/2012 de 13 de xullo. A proposta da Universidade consistiu en propoñer un aboamento en conta da devandita parte da paga extra a todos os membros da Universidade de Vigo en xaneiro de 2015.

Cómpre dicir que son xa varias as sentenzas xudiciais recoñecendo este dereito, polo que a Universidade unicamente adianta o pagamento dunhas cantidades que antes ou despois debería aboar. Por outra banda, recentemente foi aprobado polo goberno central a realización deste pago. Por iso, e aínda recoñecendo a boa vontade do equipo de goberno de levar adiante o pago completo con celeridade, a nosa preocupación foi mais na liña das repercusións fiscais que implica este pago.

Reunión da Comisión de Acción Social

A Comisión de Acción Social reuniuse o 30 de setembro coa aprobación da Convocatoria de Axudas Fondo Social 2014 na súa orde do día. Como xa fixemos anteriormente, propuxemos que se incrementasen as cantidades nos tramos da renda que limitan o importe máximo da axuda, pero a nosa proposta non obtivo o apoio maioritario dos membros presentes (3 a favor e 4 en contra).

Reunión da Mesa de Negociación

O 18 de decembro celebrouse unha reunión ordinaria da Mesa de Negociación. Nela, a Vicerreitora informou das dúas prazas de titular de Universidade que se ían convocar de acordo coa taxa de reposición, unha en Mecánica de Fluídos e outra en Didáctica da Expresión corporal. Para o vindeiro ano a previsión é que se produzan 16 baixas, polo que de aplicarse unha taxa de reposición do 50% correspondería convocar un total de 8 prazas. No seu momento se negociaría cantas serían de Titular e cantas de Catedrático.

Programa de retención de talento investigador

Logo foi presentada unha proposta de programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo. Basicamente, o devandito programa consiste en sacar 6 prazas de Investigador Distinguido que dificilmente se poden axustar a lei 14/2011

de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación como se pretende. Unhas prazas ás que soamente poderían acceder precisamente 6 persoas, os contratados Parga Pondal ou Ramón y Cajal cuxo contrato rematara no 2013 ou no 2014, que practicamente son todos do mesmo ámbito. Sen entrar a valorar a valía dos posibles candidatos, non parece apropiado considerar retención de talento a este traxe a medida.

Por outra banda, ao noso entender e con carácter previo a calquera programa deste tipo, é preciso que a Universidade elimine as graves diferenzas de ratio carga docente/PDI das diferentes áreas de coñecemento. Caso contrario, un programa deste tipo pode agravar o problema, facendo que áreas con pouca docencia (e por tanto onde a produción científica pode resultar superior polo feito de dispoñer de mais tempo para a investigación) acaparen a meirande parte das prazas, situación que de novo os beneficiaría en futuras convocatorias. En resumo, entendemos que o proceso debe ser o inverso ao seguido e polo tanto manifestamos a nosa oposición ao programa en tanto non haxa unha fotografía nítida da situación por áreas. Por outra banda, estes contratos son unicamente de investigación (sen obrigas docentes) o que consideramos un agravio comparativo para os actuais contratados doutores interinos, que no futuro poden ter que competir para unha praza estable con candidatos que durante tres anos puideron dedicarse unicamente á investigación. En calquera caso, a equipa de goberno vai seguir adiante con esta proposta que precisa da autorización da Xunta de Galiza.

Normativa de dedicación do profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/2016

Outro punto importante na reunión da Mesa foi a proposta de Normativa de dedicación do profesorado e recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/2016. Nesta nova normativa propóñense algunhas modificacións con respecto á do curso anterior, todas elas conducentes a diminuír as horas recoñecidas ao PDI pola realización de diferentes actividades como, por exemplo, a dirección de traballos fin de grao ou de máster.

A explicación do equipo de goberno foi que había un erro na concepción destes traballos, polo que o PDI se implicaba en exceso na súa realización, resultando que o nivel dos traballos resultaba mais bo do esperable. A idea é que o traballo fin de grao ou master é unha materia mais, e xa que logo debe haber de todo (traballos bos, malos e regulares). A redución das desgravacións levaría a unha menor implicación do PDI e un maior traballo do alumnado afectado. Nese senso entendemos o argumento, pero pedimos que esa información se dera por escrito ou se elaborara un protocolo de actuación para a dirección destes traballos e que se fixera chegar a todo o PDI con anterioridade á modificación da normativa de recoñecementos e non ao revés como se está a facer. Finalmente, pedimos que se permitan reducións por enriba do 50% da dedicación en base a sexenios, tal e como se viña facendo ata o de agora, proposta que será estudada para a redacción final.

Comisión de formación do PDI

Presentouse tamén unha proposta de creación dunha comisión de formación do PDI na que estaremos presentes cun representante. A idea é que este grupo de traballo impulse a presentación de propostas formativas de cara á elaboración dun Plan de Formación Anual do PDI, polo que dende aquí invitámosvos a que nos mandedes suxestións neste sentido.

Finalmente en rogos e preguntas consultamos a situación do PDAI. A resposta da Vicerreitora, sen concreción, foi que se retomaría no ano 2015. Canto ao pagamento dos

complementos de excelencia curricular, xestión e investigación recentemente concedidos, este farase efectivo no mes de decembro.

Finalmente abordouse un asunto de interese para o PDI que estea pensando en solicitar a acreditación de Titular ou Catedrático. Cómpre dicir que non hai certeza ningunha sobre o que vai pasar, e a información que se os ofreceu pode perfectamente non ser mais que unha declaración de intencións. A idea do Ministerio é aprobar o novo mecanismo de acreditación no mes de febreiro (podedes consultar o borrador na nosa web). Unha vez aprobada NON se admitirían novas solicitudes nun prazo de cinco ou seis meses. Pasado este tempo, as novas solicitudes serían avaliadas cos novos criterios. De cumprirse estas expectativas, e dito con todas as cautelas, parece aconsellable, dado que non hai información sobre os cambios previstos, que o profesorado que estea pensando en solicitar a acreditación adiante a solicitude para que sexa avaliada cos criterios actuais.

Polo de agora isto é todo. Coma sempre, despedímonos lembrándovos que tedes á vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese. E por suposto, desexarvos unhas moi felices festas e unha boa entrada no ano 2015.

Saúdos e ata a próxima,

AGPTU - VIGO